

0028 GALA "XIRADELA 25 ANOS"

GRANDE ÉXITO DA GALA "XIRADELA 25 ANOS"

A Asociación Xuvenil Xiradela de Arteixo celebrou na noite do 17 de novembro o acto máis importante de toda a programación deste ano, no que se cumplen as súas vodas de prata dende a súa creación. No Teatro Colón da Coruña abarrotado dun entregado público que disfrutou dunha gran gala na que no faltaron a música e o baile magistralmente interpretados por un total de 85 persoas que subiron ao escenario agrupados por xeracións. Algunhas destas persoas son actuais socios de Xiradela, pero outras, que o foron no pasado, ataviáronse cos traxes tradicionais e lembraron a súa estadía na asociación.